

AVALIACIÓN PRIMARIA

| 1. Avaliación e cualificación | |
|-------------------------------|--|
| Avaliación | <p><u>Procedementos:</u></p> <p>As Instrucións do 27 de abril de 2020 (<i>criterios de avaliación de Educación Primaria</i>) establecen que <i>“a avaliación e cualificación adaptarase, tendo en consideración que o traballo do alumnado nesta <u>terceira avaliación</u> centrarase especialmente no desenvolvemento das actividades de recuperación, repaso, reforzo e afondarase nas aprendizaxes xa traballadas”</i> dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, <i>“fomentando as rutinas de traballo e mantendo o hábito de estudo”</i> (tal e como se establece nos criterios de avaliación de Educación Primaria).</p> <p>A avaliación das aprendizaxes desenvolvidas a partir da suspensión das actividades lectivas presenciais será continua e acentuará o seu carácter diagnóstico e formativo en todas as etapas, ciclos e ensinanzas, para valorar os avances realizados e os atrasos que se puidesen producir, con obxecto de planificar as medidas de recuperación que sexan necesarias e programar o vindeiro curso. En todo caso, a avaliación das actividades realizadas na fase non presencial so poderá ter valor positivo para a cualificación do alumnado.</p> <p>Tendo en conta isto, o traballo do terceiro trimestre centrarase na consolidación dos mínimos traballados e no afondamento daqueles que foron impartidos de maneira presencial. Este traballo terá sempre presentes as diferentes posibilidades horarias, tecnolóxicas e de apoio do alumnado.</p> <p>En base a isto, estableceranse os seguintes <u>indicadores de logro</u> para a avaliación deste terceiro trimestre:</p> <ul style="list-style-type: none">- O/a alumno/a mostra interese polos aprendizaxes e tarefas propostas.- O/a alumno/a participa nas propostas plantexadas dentro das súas posibilidades.- O/a alumno/a consolidou aqueles estándares xa traballados previamente. |
| | <p><u>Instrumentos:</u></p> <p>Partiremos da observación sistemática directa da actividade educativa (análise das tarefas realizadas de maneira virtual).</p> <p><i>Cabe destacar que as familias ou titores legais envían as producións dos alumnos/as mediante email ou whatsapp ás titoras e elas encárganse de corrixir e enviar esas correccións usando a mesma canle de comunicación.</i></p> |
| Cualificación final | <p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>Seguindo o recollido nas Instrucións do 27 de abril de 2020, partiremos das seguintes premisas:</p> <ul style="list-style-type: none">- <i>“A avaliación final das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019-2020 considerará en conxunto as avaliacións de todo o curso, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas”</i>- <i>“Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e afondamento das aprendizaxes traballadas.”</i> <p>En base ao marco legal que regula a avaliación na nosa comunidade educativa establecemos os seguintes criterios para o cálculo da cualificación ordinaria:</p> <ul style="list-style-type: none">- A <u>nota base</u> do alumnado será a resultante dos resultados obtidos durante o primeiro e |

| | |
|--|---|
| | <p>segundo trimestre na seguinte proporción:</p> <ul style="list-style-type: none"> ○ 60% do total resultado da cualificación obtida no PRIMEIRO TRIMESTRE. ○ 40% do total resultado da cualificación obtida no SEGUNDO TRIMESTRE. <p>- En base aos criterios de cualificación establecidos o alumnado poderá mellorar a cualificación ata un 20% se o docente considera que o rendemento é positivo.</p> <p>- Sempre se terán en conta as posibilidades e circunstancias de cada un dos alumnos e alumnas.</p> |
| <p>Alumnado de materia pendente</p> | <p>Criterios de avaliación: seguirá o procedemento ordinario segundo os resultados obtidos ata a segunda avaliación.</p> |
| | <p>Criterios de cualificación: seguirá o procedemento ordinario segundo os resultados obtidos ata a segunda avaliación.</p> |
| | <p>Procedementos e instrumentos de avaliación: seguirá o procedemento ordinario segundo os resultados obtidos ata a segunda avaliación.</p> |